

Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos (TRAVEGA) para a utilización de vehículos fora de uso nas prácticas do alumnado de formación profesional da familia de transporte e mantemento de vehículos

En Santiago de Compostela, dezaioito de marzo de dous mil catorce

REUNIDOS

Don Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

Ambos interveñen en virtude das facultades atribuídas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

E don Germán Catoira Lamela presidente da Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos (TRAVEGA), segundo consta en acta nº 47 da asemblea ordinaria da Asociación celebrada en Santiago de Compostela o 7 de novembro de 2013.

EXPOÑEN

1. Que o vinte de marzo de dous mil doce asinouse un Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos (TRAVEGA) para a utilización de vehículos fora de uso nas prácticas do alumnado de formación profesional da familia de transporte e mantemento de vehículos.
2. Que este convenio facilita unha solución aos centros de formación profesional da Xunta de Galicia para a utilización de vehículos fora de uso en funcionamento para facer prácticas o alumnado que cursa ensinanzas de formación profesional da familia Transporte e mantemento de vehículos.
3. Que as partes asinantes están de acordo en ampliar a todos os centros educativos da nosa Comunidade Autónoma que impartan ensinanzas de formación profesional da familia Transporte e mantemento de vehículos, as pautas de conduta establecidas no convenio e que permiten a utilización de vehículos dos centros de tratamento autorizado de VFU para a realización das prácticas formativas do alumnado, que curse as ensinanzas de formación profesional da familia Transporte e mantemento de vehículos.
3. Que este convenio finaliza a súa vixencia o vinte de marzo de 2014, e as partes acordan ampliar a vixencia do mesmo.

Por isto, as partes que interveñen acordan asinar unha Addenda, ao citado convenio, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Ampliase o establecido no referido convenio a todos os centros educativos da nosa Comunidade Autónoma que impartan ensinanzas de formación profesional, concretamente ciclos formativos da familia de Transporte e mantemento de vehículos.

Segunda. A través desta addenda prorrógase a vixencia do convenio durante dous anos máis.

Lida a presente addenda, atópana conforme e asínana no lugar e data indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e
Infraestruturas

Jesús Vázquez Abad

Agustín Hernández Fernández de Rojas

O presidente da Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos

Germán Catoira Lamela



**DOCUMENTO DE CONTROL E SEGUIMENTO DE VEHÍCULOS FÓRA DE USO PARA FINS DE
FORMACIÓN**

Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia

Sinatura do responsable do envío:

Documento **GA Nº**

A. DATOS A CUBRIR POLO REMITENTE

A.1. DATOS DO CENTRO DE FORMACIÓN	
Nome ou razón social:	NIF/CIF:
Denominación do centro:	Provincia:
Enderezo:	Telf.:
Concello:	Fax:
Persoa responsable:	

A.2. DATOS DOS VEHÍCULOS QUE SE TRANSFIREN	
N.º de aceptación:	N.º de orde de envío:
Características destacables para o seu transporte e manexo:	
Código segundo a Lista Europea de Residuos (L.E.R.) Anexo 2 Orde MAM/304/2002: 160104 *	
Descrición: Vehículos fóra de uso	
Cantidade de vehículos	
Nº de bastidor:	
Nº de bastidor:	
Nº de bastidor:	

A.3. DATOS DO CENTRO DE TRATAMENTO DE VEHÍCULOS FÓRA DE USO	
Nome ou razón social:	NIF/CIF:
Denominación do centro:	Nº autorización:
Enderezo:	Provincia:
Concello:	Telf.:
Persoa responsable:	Fax.:

A.4. DATOS DO TRANSPORTE COMPLETO PREVISTO	
Data de inicio	Data de entrega:
Razón social:	Matrícula do vehículo:
Tipo de transporte:	Telf.:
NIF do transportista:	Fax:

B. DATOS A CUBRIR POLO RECEPTOR

Incidencias respecto aos datos do bloque A:	
ACEPTACIÓN: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	Sinatura do/a responsable:
Data:	Asinado (nome e apelidos): Sr./Sra.

